


# 6

## CONSIDERACIÓNS







## 2 Consideracións sobre o medio rural

O CES considera que no subsector agrogandeiro e forestal galego conviven tres tipos de factores: Un primeiro grupo de factores manifestan a **relevancia do “medio rural galego”** (o formado por todos aqueles concellos que presentan a característica común de que máis do 15% da súa poboación ocupada se dedica ás actividades do subsector agrogandeiro e forestal), que abrangue o 64,1% dos concellos galegos (202 dos 315 concellos galegos), o 72,8% do territorio e o 27,1% da poboación galega. Neste senso pódese considerar rural todo o interior de Galicia agás as cidades e as súas zonas de influencia. Salienta tamén polo feito de que Galicia sexa a comunidade autónoma con maior número de afiliacións no caso do réxime especial agrario por conta propia e que representa o 20,9% das afiliacións no conxunto do Estado. No ano 2002, a poboación ocupada no sector primario agás pesca (metodoloxía EPA 2002) representa o 10,2% dos ocupados en Galicia (na provincia de Lugo esta porcentaxe elévase ó 27,3%). A poboación feminina repre-

sentaba no ano 2002 o 51,3% da ocupada no subsector. Neste ano, o número de empresarios sen asalariados do subsector agrogandeiro e forestal representa o 37,6% do total de empresarios galegos sen asalariados.

Un segundo grupo de datos manifesta a **contracción da actividade** do sector primario galego e o **proceso de axuste** experimentado no subsector agrogandeiro nos últimos anos. Dunha banda, a produción rexistra unha taxa negativa de variación porcentual media anual do 0,9% entre os anos 1995 e 2001. Doutra, os datos do mercado de traballo amosan que, entre 1997 e 2001, Galicia é a comunidade autónoma que experimentou a maior caída no número de afiliados ó réxime especial agrario, un 20,0% (17,6 miles de traballadores), e que a poboación ocupada no subsector agrogandeiro e forestal descendeu un 27,2% (45,8 miles de persoas). Asemade, esta tendencia tamén se manifesta pola desaparición de explotacións e a perda de poboación no “medio rural galego”, que, entre os anos 1986 e 2001 descendeu un 22%, fronte ó 3,9% de media no conxunto de Galicia. Nas provincias de Ourense e Lugo, a caída da pobo-

ación no medio rural foi do 38,1% e 20,4%, respectivamente.

O terceiro grupo de factores supoñen indicadores do avance en termos de **renda agraria por ocupado**. En termos absolutos, en 1999 a renda agraria por ocupado ascendía a 6.567,4 euros, fronte ós 3.850,4 euros do ano 1995, por mor da medra do 6,1% rexistrada pola renda agraria e o descenso nun 37,8% da poboación ocupada. O número de asalariados rexistrou unha medra do 15,1% entre 1997 e 2001, acadando os 13,0 miles de asalariados no ano 2002.

O CES considera que **é preciso deter ou frea-lo despoboamento do medio rural** de Galicia. Considera necesario a posta en marcha de políticas específicas e actuacións concretas para zonas con taxas de despoboamento alarmante (como as zonas de alta montaña). Este obxectivo debería comprometer a tódalas Administracións para optimizar recursos e conseguir maior eficiencia.

Faltan estudos para saber cal é a dimensión do problema, xa que a situación actual delata o feito de que o deseño das políticas concibidas, para ditas zonas rurais, non palían as eivas actuais e mesmo as incrementan (favorece-lo cese de actividade en zonas de montaña...). A mellora das rendas e das condicións de vida e traballo dos agricultores e gandeiros é determinante para frear esta tendencia de abandono descontrolado e desordenado da actividade.

O CES considera que a **incorporación de xente moza ás explotacións** segue a ser unha asignatura pendente. É preocupante o número de titulares de explotacións que teñen previsto finalizar a actividade da explotación coa xubilación do seu titular. O problema do avellentamento é moito máis acusado no medio rural que no urbano, tendencia que se acrecenta nas provincias de Ourense e Lugo. Case un 30% das persoas ocupadas teñen máis de 64 anos.

O medio rural galego, caracterizado por un progresivo avellentamento e perda de poboación, produce un deslocamento cara os núcleos urba-


nos. Esta dinámica está a provoca-la **desestruc-turación do territorio galego**, xa que por un lado asistimos á concentración da poboación no medio urbano e por outro á desertización do rural, o que pode provocar que no futuro, e xa agora nalgúns casos, se poña en perigo a supervivencia de moitos concellos do interior de Galicia. O CES considera que esta situación provocará grandes prexuízos económicos e sociais e mesmo culturais.

Cómpre salientar que non se aprecia un incremento significativo do **asociacionismo e cooperativismo agrario**. Nos anos 2000 e 2001, o número de empresas asociativas agrarias con actividade económica mantívose en 198, o que representa o 5% das cooperativas agrarias estatais. Nestes dous anos considerados, descende lixeiramente o número de agricultores e gandeiros rexistrados como socios destas empresas, que pasa dos 48.500 de 2000 ós 48.408 de 2001 (o 4,9% do total estatal).

Fronte a este mantemento da importancia relativa do número de empresas asociativas agrarias e socios rexistrados, nestes dous anos rexístrase unha importante medra da súa facturación, pasando o seu peso relativo no total estatal do 7,1% de 2000 ó 9,6% de 2001. En termos absolutos, a facturación acadou os 1.148 millóns de euros en 2001 fronte ós 771,7 millóns de euros do ano 2000.

O CES considera que fai falla eliminar tódalas trabas legais que actualmente impiden que as **mulleres** sexan titulares de explotacións de nova constitución ou herdadas se o cónxuxe xa é titular doutra explotación preexistente, ó mesmo tempo que é necesario fomentar con axudas concretas directas e positivas a figura da **“cotitularidade”** nas explotacións agrogandeiras nas que, ó carón do titular masculino, traballe a muller.

O CES considera que a actividade agrogandeira e forestal é unha actividade marcadamente territorial, polo que o **factor terra e a súa distribución** ten unha importancia capital. Cómpre salientar que en Galicia, segundo o Censo Agrario de 1999, só o 34,1% da superficie total



ten a consideración de SAU (superficie agraria utilizada), namentres no conxunto do Estado, incluído Galicia, esta porcentaxe é de 63,4%, sendo a superficie forestal en Galicia do 65,9%, 28 puntos porcentuais máis que en España (37,6%) e 24 puntos porcentuais máis que na UE (41,5%).

Nos últimos cinco anos reduciuse tanto a superficie cultivada como a dedicada a prados e pasteiros, incrementándose a superficie forestal neste mesmo período de tempo coincidindo coa aplicación do programa de forestación de terras agrarias, que entre os anos 1996 e 2001 supuxo a forestación de 54.243 hectáreas que antes tiñan a consideración de terras agrarias (o 12,8% do total).

No concernente ós **usos e aproveitamentos do solo** o CES salienta, dunha banda, que en 6 anos a superficie cultivada reduciuse nun 35,3% e a de prados e pasteiros descendeu nun 7,3%. Pola contra, o superficie forestal aumentou un 7,4% e outras superficies nun 41,5%. Ourense e Pontevedra perden, respectivamente o 56% e o 47,3% da superficie cultivada.

A superficie forestada no período 1996-2000 equivale ó 6% do total da superficie cultivada e dedicada a prados e pasteiros no ano 2000, equivalendo ó 11,5% da superficie total forestada no conxunto do Estado nese período de tempo. O CES considera que, con independencia doutras análises máis complexas, a reforestación de terras agrarias debería ser obxecto dun estudio específico que permitira analiza-la súa incidencia na actividade agraria e gandeira.

O CES considera preocupante que, dada a escasa dimensión das explotacións galegas, o goberno teña optado por dedica-lo maior esforzo en incentiva-la forestación de terras agrarias e deixar case totalmente orfa a liña das medidas agro-ambientais, na medida na que estamos asistindo á concentración da produción no sector leiteiro en moi poucas explotacións e en moi poucas comarcas de Galicia. Se a isto se lle une que as que fican non están incrementando a súa superficie territorial poderíamos encontrarnos en breve espacio de tempo con problemas medio ambien-

tais, o que a todas luces resultaría un contrasentido, xa que por unha banda estaríamos a forestar terras agrarias, e por outra, poderíamos encontrar con problemas agro-ambientais.

O CES considera que os datos evidencian que as explotacións agrogandeiras galegas teñen un gran problema coa superficie territorial o que as conduce inexorablemente a unha cada vez maior dependencia exterior, sobre todo ás gandeiras, o que as torna máis vulnerables. Os datos reflicten que o gasto de fóra do sector máis importante se corresponde coa compra de pensos para o gando.

Respecto á **estructura e tamaño das explotacións**, o CES considera que o tamaño da explotacións galegas, tanto polo número de cabezas como pola superficie utilizada, se segue caracterizando polo seu elevado minifundismo, o que condiciona a súa viabilidade e rendibilidade económica.

Galicia é a comunidade autónoma coa densidade de parcelas máis elevada do Estado, con 4,75 parcelas por hectárea, ocupando a primeira posición, con 8,34 parcelas, no número de parcelas por propietario. A superficie media por propietario en Galicia é de 1,75 hectáreas, e a extensión media por explotación de 7,6 hectáreas, o 31%, fronte ás 23,6 hectáreas do conxunto do Estado. A SAU media por explotación foi de 2,6 hectáreas, o 18%, fronte ás 14,7 hectáreas do conxunto do Estado.

Considerando ó tamaño das explotacións segundo número de cabezas de gando, Galicia tamén caracterízase polo reducido tamaño das explotacións en comparación co conxunto do Estado. O número de cabezas por explotación en Galicia e do 13,6 fronte a 32,3 estatal en bovinos; 9,0 fronte a 171,8 estatal en ovinos; 11,4 fronte a 101,2 estatal en porcinos; 122,7 fronte a 554,5 estatal en aves; e o 6,0 fronte a 45,2 estatal en caprinos.

O CES considera que, sendo a **concentración parcelaria** fundamental e determinante para mellorar a viabilidade das explotacións, parece

necesario seguir dedicando máis recursos a este programa de actuación. A necesaria concentración parcelaria evidénciase, nalgúns casos, como pouco operativa. Por un lado, a lentitude que caracteriza o proceso debería ser obxecto de consideración e tratamento para que o custo e os tempos de realización sexan adecuados e se minimicen as consecuencias para as explotacións afectadas, que soportan situacións realmente complexas, tanto profesional como administrativamente. Por outro lado, e a pesares da concentración parcelaria, o tamaño das explotacións non é, en moitos casos, aínda adecuado para levar a cabo aproveitamentos economicamente viables.

O CES reitera a súas consideracións contidas no seu **dictame 6/00**, sobre o *Anteproxecto de Lei de modificación da Lei de concentración parcelaria para Galicia*. A priorización das zonas de actuación debe obedecer a criterios obxectivos relacionados coa vocación productiva dos terreos e non con outros criterios e influencias que obedecen a razóns alleas á agricultura, á gandería e ó subsector forestal.

As **explotacións familiares gandeiras**, maioritarias en Galicia, que en moitos casos non son competitivas economicamente, tanto polo tamaño como pola baixa intensificación das súas producións, cumpren, ademais das funcións productivas, funcións de conservación do medio e funcións de tipo social, difíciles de avaliar economicamente. O CES considera que, nas políticas agrarias, deberían de ter un tratamento especial as explotacións familiares gandeiras para que lles permita o mantemento da súa actividade, con complementos das súas rendas polo mantemento das ditas funcións non productivas.

O proceso de **desenvolvemento do ámbito rural** precisa de enfoques integradores, nos que se fale do agrario e do rural como un todo. O CES considera que os Plans de actuación das administracións públicas sobre actividades agrarias, gandeiras, forestais e doutro tipo (complementarias ou alternativas para os titulares das explotacións), deben ter un obxectivo común: “a revitalización económica e social dos espazos rurais”, para equiparar, cada día máis, os estándares referidos


a servizos e condicións de vida dos habitantes do rural en relación cos das cidades.

## 3 Consideracións ó subsector agrogandeiro

O CES constata que segue a **tendencia a aumenta-lo peso do subsector gandeiro fronte o agrícola** en Galicia. Atendendo á súa achega a produción final agraria, o subsector gandeiro representa o 55,8% da PFA galega no ano 1999, fronte ó 24,8% do subsector agrícola. Comparado co ano 1995, a achega do subsector agrícola medrou un 1,3%, fronte ó 4,8% rexistrado polo subsector gandeiro. No ano 2000 o subsector gandeiro contou con 75.909 explotacións con vacas, das que 33.041 son explotacións de leite, co que teríamos 42.868 explotacións de vacún de carne.

Neste senso, por unha banda, cabe destacar que as explotacións de leite galegas representan o 53,3% das explotacións do Estado. Desde 1995 reduciuse o número de explotacións e de vacas e subiu a media de vacas por explotación de 7,6 a 13,5 vacas. Entre as campañas 1995/96 e 2002/03 desapareceron 35.736 explotacións, o 57,2%, a un ritmo dunhas case 6.000 explotacións ó ano. Este proceso está a guiar ó sector leiteiro galego cara á concentración da produción en poucas explotacións e en poucas zonas de Galicia.

Por outra banda Galicia ten asignada o 31,2% da cota de leite do Estado. Galicia presenta a cota por gandeiro máis baixa de tódalas comunidades autónomas (71.535 kg, fronte ós 122.081 kg de media en España). A produción galega de leite no ano 2000 foi de 2.246 miles de toneladas (un 3,3% máis que en 1995) e a cota asignada na campaña 2002/03 foi de 1.868 miles de toneladas. Se non se incrementara a produción entre os anos 2000 e 2002, teríamos actualmente unhas 379 miles de toneladas fóra de cota. Dita produción, distribuída entre as 26.115 explotacións existentes na campaña 2002/03 daría unha cota por explotación de 83.519 Kg., aínda inferior á media estatal.



Cómpre salienta-lo esforzo investidor que está facendo este subsector para adapta-las súas estruturas productivas ás esixencias en materia de calidade e competitividade, que conleva a progresiva liberalización dos mercados, polo que o CES considera necesario un horizonte de estabilidade. No ano 2000 as explotacións con vacas investiron 209.048 miles de euros, destinando o 36,9% do investimento á compra de maquinaria, o 27,1% a construcións e o 14,0% á compra de cota (29.232.200 euros). Nas explotacións de máis de 20 vacas o investimento medio é cinco veces maior á realizada en explotacións pequenas, con menos de dez vacas, e duplica o investimento medio nas explotacións que teñen entre 10 e 19 vacas.

O CES considera destacable o incremento da importancia das **agroindustrias** galegas en termos económicos e de emprego. Dunha banda, segundo os datos das *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000*, a industria agroalimentaria (industria láctea, cárnica, fabricación de produtos de alimentación animal e a de elaboración de bebidas) experimentou un crecemento superior ó 20% no caso do VEB, remuneración de asalariados e excedente bruto de explotación. Non obstante, cómpre salientar que, nese mesmo período de tempo, o crecemento destas variables é inferior á rexistrada tanto polo conxunto da economía galega como polo sector industrial (rexistran medras superiores ó 38%)

Doutra banda, o emprego total e o emprego asalariado nestas industrias rexistrou unha medra superior ó 10%. No conxunto da economía galega e no sector industrial, a medra rexistrada no emprego total foi do 8,8% e do 20,3%, respectivamente, mentres que no caso do emprego asalariado, estas porcentaxes ascenderon, respectivamente, ó 19,3% e ó 21,2%.

Atendendo ás diferentes industrias, cómpre salienta-lo bo comportamento das industrias cárnicas e as de elaboración de bebidas, que experimentan medras do VEB do 38% e 56,3%, respectivamente, e crecementos do emprego total de 15,3% e 22,2%, respectivamente. Fronte a esta evolución, a industria láctea experimenta unha

caída do seu valor engadido bruto (3,9% respecto ó valor de 1995), permanecendo practicamente constante no caso da industria de fabricación de produtos de alimentación animal (medra un 0,6%). Nestas dúas industrias o emprego total rexistra unha caída do 9,1% e o 6,7%, respectivamente.

O saldo da **balanza comercial do subsector agrogandeiro**, segundo a *Táboa Input-Output de Galicia 1998*, presentou un resultado negativo de 157 millóns de euros. Galicia é claramente importadora de produtos agrícolas (fundamentalmente produtos base para elaborar alimentos preparados para animais), sendo a súa balanza comercial negativa en 299 millóns de euros. Pola contra, respecto dos alimentos preparados para animais, é claramente exportadora, cun balance favorable de 127 millóns de euros. Os produtos máis exportadores son, en orden decrecente, o leite de consumo, os produtos gandeiros, case que igualados, seguidos a certa distancia da carne fresca ou refrixerada, dos derivados lácteos e dos alimentos preparados para animais. Os produtos que máis se importan son produtos agrícolas, carne fresca ou refrixerada e viños e bebidas alcohólicas.

Outro dato a destacar é que Galicia é exportadora de produtos gandeiros —é probable que neste apartado se inclúan os animais vivos que saen da comunidade para ser engordados—. A diferenza entre exportacións e importacións dá un saldo positivo de 319 millóns de euros, mais pola contra se xuntamos os apartados de carne fresca, refrixerada ou conxelada e os produtos cárnicos, o saldo é negativo en 150 millóns de euros. Dentro deste binomio, o que está máis descompensado é o de produtos cárnicos, no que se exportan 26 millóns de euros e se importan 116 millóns de euros.

O leite de consumo e os produtos gandeiros representan o 44% do valor das exportacións do subsector. O balance do leite de consumo é netamente positivo, xa que Galicia exporta por valor de 335 millóns de euros e só importa 26 millóns de euros. En cambio, se nos fixamos no viño e bebidas alcohólicas, expórtase por valor de 31

millóns de euros e impórtase por valor de 208 millóns de euros, o que dá un saldo negativo de 176 millóns de euros.

A balanza comercial do subsector agrogandeiro, segundo a metodoloxía seguida polo ICEX, reflicta que o valor total das exportacións e importacións agrogandeiras no ano 2001 ascendeu en Galicia a 440,3 e 391,4 millóns de euros, respectivamente, polo que o saldo da súa balanza comercial acadou un valor positivo de 48 millóns de euros. Comparado co total estatal, o valor das exportacións e importacións representan nese último ano o 2,6% e 2,9%, respectivamente.

As partidas exportadoras máis importantes no ano 2001 son as correspondentes á “Productos cárnicos” e “Leite e productos lácteos; ovos de ave; mel natural; productos comestibles de orixe animal non expresados nin comprendidos noutros capítulos”, que acollen, en conxunto, case a metade das exportacións totais do subsector agrogandeiro (24,3% e 23,5%, respectivamente).

No concerne ás partidas importadoras, as máis importantes son as de “residuos e desperdicios das industrias alimentarias, alimentos preparados para animais” (o 29,2% do valor total das importacións deste subsector), “sementes e froitos oleaxinosos; sementes e froitos diversos; plantas industriais ou medicinais; palla e forraxe” (24,7%), e a de “cereais” (18,4%).

## 4 Consideracións o subsector forestal


O CES considera salientable reflectir a **extraordinaria relevancia da dimensión do subsector forestal** e o seu crecemento na comunidade autónoma galega, tanto na súa superficie forestal como no seu volume madeirable e número de pés. Galicia representa o 5,8% da superficie xeográfica total do Estado, o 7,8% da súa superficie forestal, e o 9,5% da súa superficie arborada. Comparado co resto das comunidades autónomas, cómpre salientar que Galicia é a segunda

comunidade coa maior porcentaxe de superficie forestal sobre o total da superficie xeográfica, co 69,0%, por detrás de Asturias, co 72,1%. Asemade, a superficie arborada supón en Galicia o 68,9% da superficie forestal, fronte ós 56,1% de media no conxunto do Estado. Con respecto ó Estado, Galicia representa o 13,5% do número de pés e o 19,7% das existencias, sendo a comunidade autónoma con maior crecemento, con 11 millóns de metros cúbicos/ano, o que representa o 31,1% do crecemento total do conxunto do Estado. Tamén cabe salientala importancia do subsector forestal como gran xerador de rendas e emprego nas zonas rurais.

O CES considera destacable a **especial idiosincrasia da propiedade do monte galego**. O subsector forestal depende da materia prima (xerada na súa totalidade no medio rural), e esta do propietario forestal, estando o 97% da superficie forestal galega en mans privadas, ben propietarios particulares ou ben comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) nunhas porcentaxes do 65% e o 35%, respectivamente. As devanditas cifras contrastan co que acontece na UE, onde a propiedade pública do monte abarca en torno ó 35% da superficie total. As superficies forestais en mans dos particulares teñen unha superficie media inferior as 2 ha, estando normalmente divididas en varias parcelas. Os montes veciñais en man común teñen unha superficie media de 230 ha. Máis de tres cuartas partes da superficie correspondente a montes de propiedade particular están arboradas (o 68,9% de media no conxunto de Galicia), mentres que case a metade da superficie de montes públicos e CMVMC están desarboradas (descapitalizadas).

O CES destaca a **singularidade das comunidades de montes veciñais en man común** que se conserva en Galicia. É unha forma de propiedade xermánica, de natureza especial e lexislación específica (Lei do Estado, 55/1980, de 11 de novembro e Lei da Comunidade Autónoma 13/1989, de 10 de outubro), á que, no proxecto de Lei de Montes, se aplica, ós efectos de dito proxecto, o establecido para os montes privados.

As CMVMC teñen unha superficie media



suficiente para unha xestión forestal racional, sostible e rendible. Existen CMVMC ben estruturadas e xestionadas, aínda que unha porcentaxe importante presenta conflictividade ligada maiormente á propiedade, clasificacións defectuosas e ausencia de deslindes. O CES considera necesario abundar nas medidas de apoio á xestión das CMVMC, especialmente no que se refire á consolidación e clarificación da propiedade coa conseguinte diminución da conflictividade asociada.

No proxecto estatal da Lei de Montes está previsto o fomento das figuras das agrupacións forestais de propietarios privados. O CES considera que deberíase facer a **Lei autonómica de montes de Galicia**, adaptando o disposto na lexislación estatal á realidade forestal galega, facendo especial fincapé no desenvolvemento das figuras asociativas e de agrupacións forestais que permitan paliar-lo problema estrutural da microparcelación e minifundio xeneralizado da propiedade forestal particular de Galicia.

Deberíase iniciar tamén un proceso de consultas con tódalas organizacións relacionadas co sector de cara a **elaborar unha lexislación propia en relación co sistema de tributación das rendas** orixinadas no seo das comunidades de montes. Neste senso, no ámbito forestal nos últimos anos fixeron aparición, cunha notable repercusión desde o punto de vista fiscal, as devanditas comunidades de montes veciñais en man común, por mor basicamente á súa inclusión na Lei 43/1995, do Imposto sobre sociedades. Esta inclusión das CMVMC no imposto sobre sociedades obriga a estas á aplicación da normativa xeral do imposto e tamén á aplicación dun réxime específico para elas, que se establece no artigo 135.bis da devandita lei.

No dito réxime especial proponse que as mesmas queden exentas de tributación dos seus beneficios na medida que os reinvestan en dúas partidas fundamentais: 1.- Inversións para a conservación, mellora, protección, acceso e servizos destinados ó uso social ó que o monte este destinado; e 2.- Financiamento de obras de infraestrutura e servizos públicos de interese social. Existe un prazo de 3 anos para poder reinvestir os

devanditos beneficios nas partidas expostas no apartado anterior, que deste xeito non terán que tributar. Evidentemente, é un sistema que prima o reinvestimento de beneficios e penaliza a inmovilidade dos beneficios obtidos ou do reparto dos mesmos ós comuneiros.

Despois de catro anos de experiencia, a partir da posta en marcha da suxeición das CMVMC ó imposto sobre sociedades, o CES considera necesario formula-las seguintes consideracións:

1.- Cómpre crear un mellor sistema de valoración das existencias (arborado), cuestión que inflúe de xeito directo sobre o beneficio obtido nas vendas dos aproveitamentos forestais.

2.- Conxuntamente co punto anterior, sería necesario defini-lo importe dos beneficios procedentes dos aproveitamentos forestais a partir doutros métodos, como pode se-lo sistema de signos, índices e módulos, por mor da complexidade que entraña o actual sistema.

3.- Para que os reinvestimentos que se vaian acometer se fagan cun estudio rigoroso previo, e que se analicen as prioridades e necesidades das CMVMC, sería favorecedora a posibilidade de aumenta-lo prazo de reinvestimento dos beneficios de 3 a 5 anos.

4.- Por último, dada a natureza destas entidades, sería razoable minora-lo tipo impositivo do actual 25% ó 10%, xa que as CMVMC teñen sempre entre os seus obxectivos o favorecer a toda a comunidade onde esté emprazada; teñen a obriga pola Lei 13/1989, de Montes Veciñais en Man Común, de reinvestir a lo menos o 15% dos beneficios obtidos (neste punto teñen relación coas cooperativas, dado que elas tamén teñen a obriga de destinar unha parte dos seus beneficios a un fondo de reserva) e non teñen compoñente ningún de agresión ó medio ambiente, senón que, ó contrario, son entidades que desenvolven actividades totalmente limpas.

O CES considera destacable o **forte incremento da superficie arborada nos montes particulares**, comparando o terceiro e o segundo

inventario nacional, froito da rexeneración natural e espontánea da vexetación arbustiva dos montes e polo abandono da actividade agraria. A escasa superficie media e a microparcelación xeneralizada das propiedades particulares supoñen serios obstáculos para a consecución e a aplicación dunha xestión forestal sostible, pero aínda así estas propiedades producen o 70% da madeira de Galicia.

O CES considera necesario fomentar procesos de concentración parcelaria e de posta en marcha de iniciativas de xestión en común de montes particulares para acadar superficies viables para a aplicación da xestión forestal sostible en condicións de rendibilidade. Neste senso, as vantaxes de ordenación e xestión profesional, establecidas no proxecto de Lei de Montes, so repercutirán nos montes de maior dimensión, ficando fóra a maioría da propiedade forestal galega privada.

O eucalipto representaba, no ano 1972, o 2,6% da superficie arborada nos montes particulares, fronte o 13,9% do ano 1998, o que supón un incremento porcentual en torno ós 11 puntos.

Co respecto á **reforestación**, cómpre salientalo crecemento da superficie repoboada no período 1996-1998, cunha medra do 36,6%. O CES considera significativo destacar que a meirande parte da superficie repoboada en Galicia corresponde ás coníferas. No ano 1998 acollen o 65,0% do total das superficie repoboada, fronte ó 33,5% das frondosas e ó 1,5% da mestura de frondosas e coníferas. Comparado cos datos do ano 1995, reflíctese unha medra da importancia relativa da superficie repoboada por frondosas (representa o 8,1%), fronte ó descenso rexistrado no caso das coníferas e da mestura de frondosas e coníferas (85,2% e 6,7%, respectivamente).


Actualmente Galicia conta con 600.000 ha que non son agrícolas, nin gandeiras nin forestais, sen aproveitamento, sobre as que habería que centrar os esforzos de forestación para incorporalas ó desenvolvemento rural galego a través da creación de riqueza estrutural de base territorial rural (rendas, postos de traballo e materias pri-

mas). Galicia conta cun 1.400.000 ha arboradas que están a producir a metade do que sería posible cunha xestión sostible e ordenada dos recursos forestais.

O CES considera que dende o sector forestal hai capacidade para xerar actividade, renda e emprego no medio rural, de forma complementaria coa agricultura e a gandería, compatibilizando e harmonizando os usos do solo sen xerar conflitos. A silvicultura, dentro do marco da xestión sostible, pode ser unha importante fonte de traballo no medio rural. A existencia de **conflictos puntuais entre usos** agrarios, gandeiros e forestais en zonas onde non se está a resolver satisfactoriamente a incorporación das terras, que cesan na actividade agraria, ás explotacións que precisan redimensionarse para garantir a súa pervivencia e rendibilidade, deben resolverse priorizando o redimensionamento sobre calquera iniciativa forestal neste tipo de superficies.

Nembargantes a importancia do subsector forestal na economía galega, o CES considera que o **tratamento silvícola** segue a ser unha materia pendente na comunidade autónoma. En concreto, no 86,3% da superficie forestal arbórea non se observan estes tratamentos e só nun 7,6% da mesma se están a facer limpas. Esta baixa porcentaxe de tratamentos ven favorecida pola propia estrutura da propiedade do monte, moi atomizada, véndose acentuada pola especial orografía galega. As enfermidades e pragas son as causantes do 56% dos danos ocasionados en masas arbóreas madeirables, o que apunta á necesidade de facer maiores esforzos na formación e información dos propietarios, artellar máis subvencións para fomentar os tratamentos e levar a cabo actividades de carácter preventivo.

Respecto ó **aproveitamento e á produción forestal**, cabe destacar que a silvicultura e a industria forestal, supoñen actualmente o 3,1% do VEB galego, dando emprego a 32 miles de persoas, constituíndo uns dos sectores de maior crecemento potencial. A relación entre a produción final e a produción total reflicte un descenso da vocación comercial do sector. Ó igual que acontecía no caso dos subsectores agrícola e gan-



deiro, a relación PFA/PTA descende no período considerado, pasando dos 95,4% do ano 1995 ós 91,3% do ano 1999. No concernente ó balance entre corta e produción anual, amosa que no conxunto de Galicia, nos montes galegos extráese o 52% da madeira que se incorpora cada ano (69% de media europea). O crecemento de madeira ano é de 12.306.892 metros cúbicos e a posibilidade sostible da corta, de 10.830.065 metros cúbicos.

A produción total de madeira no ano 2000 rexistrou unha medra do 2,7% respecto ó ano 1995, por mor da evolución da produción correspondente ás especies frondosas, que cun incremento do 15,2%, compensa o descenso rexistrado no caso das coníferas, cun -7,3%.

O CES considera recomendable un estudio e unha análise detallada da evolución da produción de madeira, das demandas previsibles dos mercados. Débense activar medidas que permitan adecuar a oferta á demanda, ou corraxir posibles desequilibrios que poden ser negativos tanto para os propietarios forestais (caídas de prezos) como para a industria, que pode ver insatisfeitas as súas necesidades e ter que recorrer a mercar noutras zonas forestais competidoras de Galicia.

Con respecto á **evolución dos prezos da madeira**, rexístrase unha evolución desigual dos mesmos entre os anos 1995 e 2000. Así, no período considerado rexístrase unha caída dos prezos correspondentes ó piñeiro pinaster (10,3%) e o eucalipto (24,2%), mentres que os prezos do piñeiro radiata medran un 40,5%. A caída dos prezos de eucalipto débese fundamentalmente ás desviacións entre a oferta desta especie e a demanda actual (cun só comprador maioritario) e á problemática tecnolóxica que actualmente presenta esta especie para usos distintos da produción pasteira.

A industria de transformación da madeira depende do abastecemento de materia prima en cantidade e calidade suficiente. Á vez o produtor forestal precisa dunha industria competitiva capaz de comprarlle a madeira a prezos rendibles. A desestructuración do sector e a propiedade ori-

xina altos custos de extracción, transporte e xestión da madeira, de tal maneira que Galicia ten os prezos máis altos de Europa por tonelada posta en fábrica, repercutindo negativamente no prezo percibido polo propietario forestal (o que se lle descontan os custos intermedios) e na competitividade da industria de transformación.

O CES considera que cómpre tomar medidas de estruturación e racionalización da propiedade e os aproveitamentos forestais, de xeito que repercuta favorablemente no descenso do custo do prezo en fábrica da madeira e se poda repercutir en mellores prezos percibidos polo produtor.

O CES considera que a **industria forestal** ten un carácter estratéxico para Galicia, pola súa capacidade de xerar emprego e riqueza. Segundo os datos das *Contas económicas de Galicia, serie 1995-2000*, o VEB da industria forestal (“industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería”, “industria do papel”, e “industria de fabricación de mobles; outras industrias manufactureras”) experimentou unha medra do 32,6% e a remuneración de asalariados e o excedente bruto de explotación creceron un 42,0% e 24,7%, respectivamente. O emprego total na industria forestal presenta unha medra superior tanto á rexistrada polo conxunto das ramas económicas galegas, como polo sector industrial no seu conxunto. Fronte ó crecemento do emprego total e do emprego asalariado en torno ó 25% experimentado pola industria forestal, o incremento medio do sector industrial foi lixeiramente superior ó 20%, sendo o da economía galega do 8,8% e do 19,3%, respectivamente.

Atendendo ás diferentes industrias forestais, cómpre salienta-la importancia da “industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartería”, que representa en torno ó 60% do VEB xerado pola industria forestal e preto do 70% do emprego total e o asalariado. Asemade, hai que resalta-lo importante crecemento do VEB e do excedente bruto de explotación experimentado pola industria de “fabricación de mobles; outras industrias manufactureras” (94,2% e 649,9% respecto ó valor de 1995, respectivamente).

O CES considera que se deben fomentar todas aquelas medidas que axuden á **extensión da cadea de transformación forestal** cara á valorización das materias primas a través da diversificación das producións (caso do eucalipto) e no crecemento dos elos finais da cadea industrial, que son os que aportan maior valor engadido (papel, moble). Hai que seguir afondando na investigación para dar novos usos á madeira de eucalipto e fomentando ás industrias de transformación que a utilicen como materia prima en procesos fabrís diversificados, distintos da produción pasteira (serrado, chapas, taboleiros, tarimas, mobles). Débense apoiar as medidas técnicas (plans de xestión e planificación, tratamentos silvícolas, etc.) que dan como resultado produtos de maior calidade (madeira, etc.) que consigan aumentar a renda por unidade de superficie e xerar maior valor engadido nunha cadea industrial forte.

O CES considera que se deben tomar medidas de fomento e apoio á industria forestal, especialmente na **implementación de políticas de I+D** e na discriminación positiva nas axudas sectoriais industriais. Neste senso, cabe destacar a creación de estruturas empresariais e de servizos forestais de certa entidade como son o CIS-Madeira e o Cluster da Madeira. Non obstante, cómpre salientar a escasa subcontratación de determinados servizos de apoio, que supoñen un elevado valor engadido para o cliente final (servizos de normalización, homologación e certificación, deseño, I+D, sistemas de xestión da calidade, ou de xestión de riscos laborais e medio ambiente), o que dá unha idea do escaso desenvolvemento destas actividades dentro do sector.


Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a terceira comunidade co maior **gasto en innovación**, por detrás de Cataluña (41.974 millóns de euros) e a C. Valenciana (41.592 millóns de euros), sendo o investimento galego similar ó rexistrado en Castela-A Mancha (34.693 millóns de euros). Atendendo á desagregación do gasto entre os subsectores da madeira e cortiza e o do moble, Galicia é a comunidade co maior investimento en innovación e desenvolvemento no caso da madeira, con 27.875 millóns de

euros (o 20,1% do total estatal), e representa o 4,2% (6.883 millóns de euros) no caso do moble.

Tendo en conta o presuposto e a vixencia dos 11 **plans forestais** autonómicos, o plan galego ten unha vixencia de 40 anos (1992-2032) e é o que presenta o maior presuposto por hectárea e ano, con 153,66 euros. O plan galego estableceu un sistema de plans quinquenais que permiten a súa revisión cada cinco anos. O CES considera que falta unha análise cualitativa en canto ós indicadores do avance no cumprimento das previsións do PFE e do Plan galego. En relación ó seguimento e avaliación dos plans, non todos recollen órganos nin procedementos de revisión do plan, nin tampouco definen indicadores de avaliación e seguimento.

Respecto o **comercio exterior**, o CES destaca unha certa dependencia externa respecto da materia prima de orixe forestal, en consonancia co abandono do papel da Administración forestal galega de suministradora de madeira pola vía dos tratamentos silvícolas e as subastas. O saldo comercial no ano 2001 (fonte ICEX) é negativo nos diferentes capítulos do subsector forestal, agás no capítulo de pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas e residuos de papel ou cartón.

Segundo a Táboa input-output, o valor das **exportacións de produtos forestais** en 1998 ascendeu a 1.257 millóns de euros, dos que o 77,1% corresponderon ás exportacións galegas ó resto de España (970 millóns de euros), un 20,0% ás exportacións cara á UE (251 millóns de euros), e un 2,9% (35 millóns de euros) ás exportacións cara ó resto do mundo. Comparado co valor total das exportacións galegas a súa importancia relativa foi do 14,9%, sendo do 29,6% e 25,0% no caso das exportacións forestais ó resto de España e cara á UE, respectivamente. Cómpre salientar a importancia da industria de madeira e da cortiza (agás mobles), cestería e espartería, que representa o 78,2% do valor total das exportacións do subsector forestal (983 millóns de euros) e o 86,2% no caso das vendas ó resto de España (836 millóns de euros). O valor das exportacións de produtos pertencentes á industria do papel ascendeu a 175



millóns de euros (o 14,0% das vendas totais deste subsector).

En relación ás **importacións** destes produtos, no ano 1998 o seu valor foi de 865 millóns de euros, dos que 668 millóns de euros (o 77,2%) corresponderon as importacións procedentes do resto de España, 146 millóns de euros (un 16,9%) ás compras ós países da Unión Europea, e os 51 millóns de euros restantes (o 5,9%) ás importacións procedentes do resto do mundo. A contía das importacións destes produtos representan o 5,7% do valor total das importacións galegas, sendo esta porcentaxe do 6,0% no caso das compras procedentes do resto de España, e do 5,3% e 3,9% o das importacións provenientes da Unión Europea e do resto do mundo, respectivamente. Os subsectores da industria do papel e da fabricación de mobles son os máis importantes en canto ó valor das importacións do subsector forestal se refire, acollendo o 44,5% (385 millóns de euros) e o 23,3% (202 millóns de euros) do valor total das mesmas.

A balanza comercial do subsector forestal, segundo a metodoloxía seguida polo ICEX, reflicte que o valor total das exportacións e importacións agrogandeiras no ano 2001 ascendeu en Galicia a 324,7 e 354,4 millóns de euros, respectivamente, polo que o saldo da súa balanza comercial acadou un valor negativo de 29,7 millóns de euros. No período 1999-2001 descendían as súas importancias relativas no total estatal, pasando do 5,3% ó 3,5% no caso das exportacións, e do 4,4% ó 3,7% no caso das importacións.

No concernente ás partidas exportadoras, cómpre salientalas de “Madeira, carbón vexetal e manufacturas da madeira” e “Pastas de madeira ou doutras materias fibrosas celulósicas; desperdicios e refugallo de papel ou cartón”, que non só son as que presentan o valor máis importante, con 172,8 e 115 millóns de euros, respectivamente, senón que tamén son os capítulos que presentan unha maior importancia relativa no valor total dos capítulos exportadores (22,0% e 30,5%, respectivamente). En relación ás partidas importadoras, cómpre salientala importancia de “Madeira,

carbón vexetal e manufacturas da madeira”, con 274,0 millóns de euros (o 77,3% do valor total das importacións deste subsector).

Tendo en conta que Galicia representa o 7,8% da superficie forestal estatal e que durante a última década tivo o 53% do total de lumes de España e o 20% da superficie total queimada, o CES considera necesario, ademais de melloralas políticas actuais de **loita contra incendios forestais**, centrada sobre todo na extinción, complementar as actuacións levadas a cabo nos últimos anos con outras baseadas en novas estratexias definidas a partires do consenso necesario cos sectores implicados no desenvolvemento forestal de Galicia.

Dos 19 distritos forestais galegos, os cinco distritos nos que se divide a provincia de Ourense son os que presentan a maior superficie afectada. Entre todos eles cómpre salientalo de Valdeorras-Trives, cunha superficie afectada de 48.792,4 ha entre 1991-2002 (o 16,9% da superficie galega afectada), seguíndolle en importancia A Limia e Verín-Viana, que significan o 10,8% e o 10,6% da superficie galega queimada.

Durante a última década só un 30% da superficie queimada en Galicia correspondía a montes arborados, sendo o resto da superficie terras a mato.

Cabe destacar que a alta incidencia en número de lumes e superficie queimada non está vencellada a condicións climáticas especiais, salientando os datos sobre a intencionalidade, ligada a condicións estruturais. A actual política de extinción, a pesares do seu elevado custe, logra estabiliza-la superficie queimada pero non elimina as causas estruturais dos lumes, xa que non reduce o número de incendios. O CES considera necesario **abundar na investigación das causas**, na eficacia policial e sobre todo, na implementación dun programa de actuacións preventivas que ataque as causas estruturais, principalmente vencelladas o modelo “lume-pastos”. A redución do número de lumes considérase prioritaria, debéndose atacar as causas dos lumes (número de focos), a maiores dos efectos dos

incendios (superficie queimada). Débense deseñar medidas preventivas que complementen ás de extinción. A prevención, a diferenza da extinción, é cofinanciable con fondos de desenvolvemento rural da UE, que deberían de ser empregados a este fin a través do correspondente programa.

## 5 Consideracións sobre as políticas de desenvolvemento

### *Consideracións á Política Agraria Común (PAC)*

O CES considera que os termos nos que foi acordada a entrada de España na **Comunidade Económica Europea** non favoreceron especialmente á agricultura galega, o entrar en competencia directa cos países da marxe atlántico europeo, en produtos xeralmente excedentarios da UE. A Axenda 2000, con carácter xeral, tampouco supuxo vantaxes comparativas na agricultura galega. Sen embargo, o novo Regulamento de Desenvolvemento Rural pode supor unha serie de novas alternativas á agricultura tradicional galega que considérase necesario impulsar.

Algunhas iniciativas comunitarias, como os programas LEADER e PRODER, adquiriron unha singular importancia na reactivación das estruturas productivas e de cohesión social no medio rural gallego. O CES considera necesaria a dedicación de máis esforzos inversores e de medios humanos nas **Políticas de Desenvolvemento Rural** adaptadas a Galicia e de deseño de medidas imaxinativas adaptadas á realidade e potencialidade do medio rural gallego.

As **axudas provenientes da PAC**, que inciden de forma determinante na configuración das rendas das explotacións agrarias e gandeiras, non tiveron repercusión positiva relevante na renda agraria das explotacións galegas. Galicia recibe do FEOGA-Garantía o equivalente ó 29,1 % da media estatal. No ano 1995 a relación axudas


FEOGA-Garantía/renda agraria de Galicia representou o 7,4%, mentres que en España foi do 28,6% e na UE-12, do 27,7%.

Das catro **liñas de axudas** que forman parte das **medidas complementarias da PAC** (Cesamentos Anticipados, Indemnizacións Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas ICM, Forestación das Terras Agrarias e Medidas Agro-ambientais), as que acaparan o groso das axudas foron as de Forestación das Terras Agrarias, con 7.699 miles de euros no ano 1995, e 24.415 miles de euros no ano 2000. Os Cesamentos Anticipados pasaron de 452 miles de euros no ano 1995 a 11.773 miles de euros no ano 2000, manténdose practicamente invariable o importe das axudas por ICMs cunha diminución no número de explotacións beneficiarias.

No ano 2000, en Galicia cobraron as **axudas por vacas aleitantes** 142.157 vacas, pertencentes a 21.707 explotacións. Nese mesmo ano, Galicia tiña 263.236 vacas de carne, susceptibles de cobrar a axuda, e 42.868 explotacións de vacún de carne, o que significa que só cobraron axuda, por este concepto, o 50,64% das explotacións e o 54% das vacas. Esta situación manteríase de confirmarse a revisión intermedia da PAC.

O CES considera destacable o pouco peso que teñen en Galicia as **axudas agro-ambientais**. No ano 1995 só beneficiáronse delas, 72 explotacións, todas elas correspondentes coas axudas para razas autóctonas, cun importe de 29 miles de euros, ascendendo o conxunto destas axudas, no ano 2000, a 562 miles de euros, repartidos da seguinte maneira: 81 miles de euros para razas autóctonas, 145 miles de euros para protección integral do viñado, 132 miles de euros para conservación do entorno paisaxístico en viñedos da Ribeira Sacra e 203 miles de euros para prevención da erosión en sistemas extensivos de pastoreo.

O CES considera positivo que a Unión Europea proponga un sistema de control da produción baseado na relación calidade/prezo. Tendo en conta que, na nova OCM do leite e pro-



ductos lácteos, a contía das primas directas ós gandeiros poden variar en atención a varios factores (producción, produtividade, mercados...), o CES considera que se debe fortalecer o sistema estatístico para facilitar esa adaptación das primas ás circunstancias variables mencionadas.

O **incremento de cota** previsto para España (campana 07/08 a 14/15) sería do 1,8%, inferior á media europea, que sería do 2,8%. Os países con maior incremento de cota son os países máis produtores da UE, os que máis excedentes producen, e os que están a usar as restitucións á exportación para levar unha parte dese excedente a terceiros países e ó resto da UE. A cota media dos produtores de leite de Galicia está situada en 71.535 kg, o que equivale o 58,6% da media española e ó 36% da media europea. O 66,4 % das explotacións galegas (17.343), teñen unha cota menor de 75.000 kg.; e destas, preto do 53,8% (14.058), están por debaixo dos 50.000 kg., con ingresos netos, unha boa parte delas, por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional.

O CES considera que **suprimi-lo reparto gratuito de cota** procedente da chamada reserva “nacional”, e desliga-la cota das terras nas que se produce o leite, obriga ás explotacións leiteiras galegas a ter que “investir” en cota para equilibrarlo desfase existente entre a cota e a súa produción real. As administracións deben apoiar os mecanismos de negociación entre produtores e industrias, xa que o sistema de cotas impide a libre produción.

Na industria a **baixada dos prezos de intervención** preocupa, sobre todo pola manteiga, xa que España, ante o déficit histórico de cota, é un dos Estados que máis manteiga leva a intervención. As compras de manteiga en intervención suspenderanse a partir de 30.000 tm./anuais. A partir desta cantidade propónse que as compras se efectúen mediante licitación. O CES considera que a industria deberá ser máis eficaz e busca-los produtos de maior valor engadido para sobrevivir no mercado, polo que deberían arbitrase as medidas de apoio a este respecto.

Galicia ocupa a terceira posición en canto ó

número absoluto das **explotacións produtoras de leite con máis de 300.000 Kg.** No conxunto do Estado, as ditas explotacións producen o 41,4% da cota española, mentres en Galicia producen só o 12,7% da cota galega. Neste senso, cómpre salientar que no marco do proceso de redimensionamento das explotacións que vive o sector, así como o proceso de abandono de explotacións, o sistema de transferencias de cotas tería que se-lo máis transparente posible e debería proporse unha reasignación de cotas por zonas con capacidade productiva a custo cero.

Tendo en conta os datos de produción do leite en Galicia, que ven a representar unha terceira parte do total nacional, así como as orientacións sobre agricultura e gandería ecolóxicas, o CES considera que debe manterse unha política baseada en que a produción de leite estea ligada á superficie forraxeira, fortalecendo a dita produción.

O CES considera que sería conveniente reflexionar e debater sobre as **oportunidades e ameazas** que, tanto o actual modelo productivo, como a vindeira reforma da PAC, poden supor para Galicia :

**1.** Uns dos **motivos** que parecen impulsar a esta reforma é a reticencia de certos Estados membros a aumenta-la súa contribución ó presuposto europeo, intensificada ante a proximidade da adhesión dos países candidatos. A reforma da PAC parece un modelo pouco avaliado en canto a seus efectos sobre a ordenación de toda a produción agrogandeira europea.

**2.** No modelo proposto, refórzase o **segundo pilar da PAC**: desenvolvemento rural e medidas de acompañamento, pero a costa financeiramente do primeiro pilar, no que se produce unha desconexión, practicamente total, das axudas á produción. Respecto a modulación e transvase de fondos do primeiro ó segundo pilar, parece excesiva a cifra do 20%, na medida en que se vai producir unha diminución nos marxes brutos das explotacións, que poden deixar fóra da viabilidade económica a moitas explotacións familiares. Deberíase ter en conta este feito para que se pro-

movan axudas a gandeiros en actividades complementarias

**3. A condicionalidade** aplicada a parámetros moi esixentes pode resultar prexudicial para as explotacións galegas e implicar a perda de subvencións.

**4.** A obrigatoriedade de realización de **auditorías** e de contar cun asesoramento técnico en determinadas explotacións, aínda que afecte a un número reducido delas, pode significar un aumento de custos para as mesmas.

**5. A regresividade e a modulación** deberían aplicarse con criterios que realmente corrixa a situación actual, na que case o 50% do presuposto vai para o 5% das explotacións. Os fondos conseguidos na aplicación da regresividade e modulación non deberían ir para a financiamento de OCM, senón a equilibrar axudas e a corrixi-los actuais desequilibrios.

**6.** No sector lácteo, a **reasignación lineal** e proporcional, en base á cota existente nos distintos países, podería afondar máis nas diferencias entre explotacións e rendas dos seus titulares. Debería estudiarse unha asignación con criterios que persigan a cohesión social, económica e territorial. Isto pode supoñer que, aquelas explotacións que precisen amplía-la súa produción para alcanzar niveis medios de renda, recibisen cota suplementaria. Tamén poderíase prever un fondo para a instalación de produtores en zonas rurais desfavorecidas ou afectadas polo despoboamento.


**7. A cofinanciación** por parte dos Estados membros das accións ligadas á consolidación e potenciación do desenvolvemento rural favorecería ós países con maiores recursos, significando o afondamento na renacionalización da PAC, cos conseguintes desequilibrios entre países e rexións.

**8.** Na **redución do prezo do leite**, as explotacións máis afectadas serían as familiares, menos competitivas, como son moitas das explotacións galegas. A redución dos prezos de inter-

vención e do prezo indicativo debería levar aparelada unha axuda directa para compensalas. As axudas non poderán compensa-la baixada dos prezos aínda que se reactivará o consumo, ni a baixada real do prezo percibido polo gandeiro sería menor. Non obstante, non se considera que as previsións de redución do prezo da leite teñan un impacto directo no prezo de venda ó público, aínda que non parece lóxico atoparnos fronte a situacións coma as actuais, onde o prezo de venda ó consumo sexa máis do dobre do prezo pagado polo leite no campo. O previsión por parte da Comisión, considerando un incremento da produción en un 5% (aunque as cotas só se incrementen nun 3%), é que no ano 2014, o prezo percibido polo gandeiro, sería un 15,6% menor en comparación ó ano 2000. Considerando dita redución nos prezos de intervención, resultaría imprescindible reforza-lo control do sistema de cota como única forma de garanti-la rendibilidade por explotación e a calidade hixiénico-sanitaria do leite. O feito de elixir, no sector lácteo, como período de referencia o ano 2004 para fixa-la axuda directa desacoplada podería favorece-la especulación e incremento de prezos na adquisición de cotas.

**9.** No caso de que a reforma se concrete en base ós **dereitos e primas de produción históricos**, os gandeiros e agricultores galegos poderían quedar nunha situación que, claramente, os prexudicaría. O sistema para establece-las novas axudas toma como referencia as axudas percibidas nos anos 2000, 2001 e 2002, polo que os agricultores e gandeiros de Galicia verían perpetuada a distribución desigual dos pagos directos actuais.

**10.** Coa redución das axudas, se incrementan os **riscos de desaxuste e deslocalización** das producións, con consecuencias tamén para a industria transformadora. Os agricultores, en algúns casos, optarán por colle-la súa denominada “mochila histórica” e non facer nada máis que o estrictamente necesario para cobrar dita axuda. O desacoplamento das axudas á terra pode, a medio prazo, deteriora-lo sistema de axudas e, dende logo a curto prazo, suscitar problemas entre propietarios e arrendatarios e agravios comparativos entre agricultores que, estando en par-



celas anexas e cultivando o mesmo, teñan unha axuda á explotación moi distinta en función do que houberen vido producindo no pasado.

**11. Os obxectivos do actual modelo productivo de política agraria da PAC**, fortemente baseados na baixada dos prezos agro-gandeiros e no aumento da competitividade, non están suficientemente compensados polas axudas directas ou indirectas, propostas nos obxectivos de seguridade e calidade dos alimentos, de nivel de vida equitativo para a comunidade rural, de fomento da agricultura sostible e de compromisos agro-ambientais. A dita situación podería conducirnos cara a un sistema de produción intensivo e maioritariamente industrial. A dinámica de prezos baixos obriga ó sector produtor a baixar, á súa vez, os custos de produción para manter un nivel de vida medio, o que podería estar na orixe dos graves problemas alimentarios que, nos últimos anos, estamos a padecer na UE. O plantexamento de outras relacións de intercambios son posibles e necesarias para garantir que a produción agro-alimentaria estea presidida por criterios de eficiencia técnica, económica, medio ambiental e de calidade e a seguridade alimentaria.

**12. Outra consecuencia do actual modelo productivo da PAC** parece ser a continua **redución de explotacións agrarias**, tanto a nivel galego, como estatal e europeo. Este proceso de desaparición afecta moito mais ás explotacións de carácter familiar que ás industriais. Neste senso, debería estudiarse que as producións agrogandeiras familiares tivesen garantidos uns prezos mínimos que cubran os custos de produción do seu traballo. Europa non debería permitirse que siga a desertización do seu medio rural. Debería estudiarse o establecemento de medidas eficaces que favorezan tanto o relevo xeracional como a instalación de novos activos.

**13. A revisión de la Política Agraria Común** debería supoñer un importante impulso para o sector primario galego, sempre que se interprete como unha nova forma de concibir o espazo agroforestal, como fonte fundamental de proporcionar alimentos sans, seguros e de calidade. Resultaría tamén necesario definir con clari-

dade o concepto de “Desenvolvemento Rural”, xa que o transvase de fondos do primeiro o segundo pilar así o esixe. Dificilmente se pode xustificar detraer fondos das axudas directas para fortalecer o Desenvolvemento Rural se este non se enmarca nun enfoque global, multifuncional e plurisectorial, no que as actividades gandeiras e agrarias seguen sendo fundamentais. As axudas á multifuncionalidade que desempeñan as explotacións familiares cobran sentido aquí, se se quere lexitar socialmente a reforma e se realmente se pretenden conseguir os fins que a inspiran.

### *Política Agraria na Comunidade Autónoma*

O CES considera necesario centra-la política agraria galega nas **oportunidades que nos brinda a nova PAC**, baseados en proxectos realistas, abandonando liñas de traballo obsoletas ou pouco operativas. Explotar as novas oportunidades do escenario agrario europeo: produción integrada e de calidade contrastada, agricultura ambientalmente correcta e o uso de alternativas no marco do Desenvolvemento Rural, móstranse como liñas claras de traballo no futuro.

A **política autonómica de reforestación** con cargo ós fondos da UE recibiu un parón nos últimos dous anos, en que estiveron pechados os prazos de solicitude para os propietarios e CMVMC. A paralización das políticas de reforestación de terras, non susceptibles de usos agrarios o gandeiros, nun momento en que os fondos dispoñibles na UE para estes conceptos veñen aumentado (a UE dispuxo o aumento do 87% desta liña de axudas para o período 2000-2006 e, segundo proposta da Comisión, na reforma intermedia da PAC crecerán un 20% máis nos vindeiros 7 anos), supuxo unha dificultade para as empresas de servizos forestais e viveiros, que pecharon ou reduciron actividade nunha porcentaxe do 70%. O cumprimento do programa de forestación asignado pola Comisión a Galicia ata o ano 1999 foi tan só do 37% do presuposto e o 52% da superficie prevista e programada.

O CES considera que debe facerse unha aposta decidida polo **desenvolvemento rural**

**dende o sector forestal**, dentro das Política de Desenvolvemento Rural da UE, acadando recursos para á forestación, ordenación e tratamentos silvícolas dos montes galegos e evitar a baixa aplicación destes recursos da última década, anque detéctase un forte incremento da actividade repoboadora nos anos 1992 a 1996.

O CES considera que a consolidación, como pilar da economía galega, do **sector forestal** –complexo monte/industria forestal–, sería necesaria para aproveitar con eficacia as evidentes vantaxes comparativas que ostenta a produción forestal galega. O subsector forestal galego ten entidade e capacidade para incorporarse plenamente á Política de Desenvolvemento Rural da UE, posibilitando o aumento dos fondos percibidos polo mundo rural galego, para garantir a súa pervivencia e creación de riqueza estrutural de base territorial rural, máis aínda cando os fondos da PAC vanse asignar maioritariamente en función do Desenvolvemento Rural. Galicia, que conta co 50% dos núcleos rurais de poboación de España, o 10% das explotacións agrarias e o 40% do crecemento do bosque (e, polo tanto, de fixación de CO<sub>2</sub>) só recibe o 2,9% do total das axudas da PAC.

Co respecto ás **relacións do subsector agrogandeiro e forestal e o medio ambiente**, o CES considera que debe reformularse a proposta da Administración Galega relativa á iniciativa coñecida como Red Natura 2000. Os seus importantes obxectivos protectores sobre o territorio e o medio ambiente deben ser realistas –tendo en conta que a superficie agrícola afectada española, pola Red Natura 2000, é máis de catro veces superior á alemana–, considerando inicialmente aqueles espazos nos que estean consignadas dotacións orzamentarias para a súa protección, que deberían, en todo caso, ser complementarios coas actividades agrícolas, forestais e de desenvolvemento rural.

Co respecto á **mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias**, o CES considera que a Consellería de Política Agroalimentaria debería crear axudas específicas, con fondos propios, para aquelas

explotacións que, por non reunir os requisitos esixidos en termos económicos, non poden acollerse ó réxime de axudas para a modernización das estruturas establecido no Real Decreto 613/2001. Estas explotacións, ademais das actividades productivas que realizan, desempeñan outras funcións no medio rural que se deberían valorar, recoñecer e manter.

### ***Consideracións á Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural e á normativa para o seu desenvolvemento.***


O CES considera que, aprobada a Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural Galego, e tendo en conta o escaso marxe de modificación que permite o desenvolvemento regulamentario, o procedemento máis eficaz para mellorar determinados aspectos regulados na lei sería promover unha modificación do texto legal coas melloras que non poderían ser formalmente introducidas no seu Regulamento

Neste senso, o CES considera relevante as seguintes consideracións particulares, en relación cos artigos da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural Galego, que poderían ser obxecto de mellora regulamentaria ou, no seu caso, legal:

**Art. 9.2:** O artigo pretende **obrigar ó propietario rural** a asumir responsabilidades gravosas para a súa economía, que non son da súa competencia. Ademais, as obrigas que se imponen neste punto para as construcións en solo rústico son superiores ás previstas para outros tipos de solo. Por outra banda, cabería preguntarse con qué ingresos adicionais van afrontar os agricultores a obriga de realiza-las obras necesarias de protección do medio rural.

O CES considera que o Regulamento debe matiza-las devanditas obrigas e adecualas á realidade do medio rural galego.

**Art. 13.1:** O artigo presenta unha **definición de “núcleo rural”** en función dunha serie de parámetros xenéricos ós que haberá que dotar de con-



tido en cada caso concreto (características morfolóxicas, tipoloxía tradicional das edificacións, ...), dispoñendo en artigos posteriores unhas restricións de uso que van a afectar de igual xeito a tódolos asentamentos que merezan a cualificación de “núcleo rural”. Tal e como está redactada a Lei, tódolos núcleos rurais de Galicia terían o mesmo tratamento, cando o certo é que existen entre eles diferencias tan substanciais que aconsellan unha regulación individualizada en función duns parámetros que deberán ser obxecto de estudo.

Neste senso, é preferible o espírito da regulación contida nos artigos 18 a 20 da Lei 1/97 do Solo de Galicia que permitía, nalgúns casos de concellos de “baixa complexidade urbanística”, a elaboración de Proxectos de Ordenación a partir do estudo do medio rural e dos usos tradicionais do solo.

Non pode definirse núcleo rural en función de parámetros xenéricos. Os núcleos rurais deben ter unha regulación individualizada en función dunha serie de parámetros que poden ser obxecto de desenvolvemento regulamentario. O CES considera que o Regulamento é unha boa oportunidade para o establecemento de mecanismos de tratamento diferenciado dos núcleos rurais.

**Arts. 14 e 15:** Nestes artigos defínese como “**solo rústico**” aquel que non poida ser urbanizado e “**solo urbanizable**” aquel solo que non teña outra consideración.

O CES considera que deben delimitarse ámbalas dúas categorías de modo positivo, acouitando a definición de “solo urbanizable”, de maneira que se impidan especulacións coa propiedade da terra. Cabe simplemente lembrar que a delimitación negativa do “solo urbanizable” pode dar lugar a actuacións especulativas coa propiedade da terra e que debería considerarse como “solo rústico” o das vivendas, construcións e instalacións que, sen constituír núcleo rural, teñan orixe e uso agropecuario ou doutro ámbito tradicional.

**Art. 27:** Na redacción deste artigo considérase o “núcleo rural” como de **uso preferente**

**residencial.** Dita consideración ignora a realidade do medio rural galego, no que se asentam multitude de explotacións. Non se eliminou a referencia: “...que resulten compatibles co uso residencial” cando se trata de instalacións agrogandeiras, xa que son estas as que se emprazan nos núcleos rurais e a devandita compatibilidade pode estar suxeita a interpretacións moi restrictivas.

O CES considera desexable que o desenvolvemento regulamentario non incida nesta consideración, de forma que se limiten aínda máis os usos dentro deste tipo de solo.

**Art. 28:** En relación ás **actuacións prohibidas** no núcleo rural, O CES considera que deben ser revisadas en función da redefinición do concepto de “núcleo rural”.

Respecto ó **apartado f)** do art. 28, considera oportuna a súa prohibición, sempre e cando para os habitantes do núcleo rural o custo sexa cero. Non parece xusto que no entorno urbano se permitan ditas actuacións e que no medio rural se prohiban, e o seu custo sexa sufragado polos seus habitantes.

Respecto ó **apartado g)** do art. 28, faise necesario definir o concepto “tipo tradicional familiar” e clarificar si se permitirían cambios de actividade. En función de cómo se interprete esta disposición pódese frea-la expansión e o desenvolvemento da actividade agropecuaria.

Respecto o **apartado h)** do art. 28. considérase necesario defini-los usos “proprios do asentamento rural” e facer unha referencia expresa ás “construcións auxiliares de actividades agrogandeiras”.

O CES considera que o texto legal non permite interpretacións acordes cos ditos plantexamentos. Neste punto, simplemente cabe que se considere o establecemento de medidas que supoñan un custo “cero” para agricultores e gandeiros en cuestións tales como as relativas ós tendidos de telefonía e electricidade.

**Art. 29:** As **condicións de edificacións pre-**

vistas no núcleo rural supoñen un aumento de custo das construcións rurais. O CES considera necesario o establecemento de certas condicións de edificación que evidentemente farían a visión do medio rural máis “agradable”, pero tamén é necesario que sexan economicamente posibles. O custo que supón ter un campo galego con construcións de alta calidade paisaxística non debe ser asumido por aquelas persoas para as que o campo é un medio de vida e non un lugar para o lecer.

O freo que este artigo pode supoñer para o asentamento de gran parte da poboación no medio rural, debe ser contrarrestado co establecemento regulamentario dun procedemento para que sexa a Administración a que asuma os custos da diferenza entre as posibilidades económicas da media dos habitantes do medio rural e os parámetros constructivos previstos na Lei.

O CES considera que as condicións e parámetros mínimos e máximos deben corresponder ó desenvolvemento regulamentario da lei e, no seu caso, á redacción dos plans xerais do municipio.

**Art. 30:** O CES considera que a autorización contida neste artigo, para a construción de edificacións destinados a **equipamentos comunitarios**, aunque non se cumpra coas condicións mencionadas no art. 29, a través dun procedemento excepcional, que permite una “válvula de escape” ás dictas condicións, non existe, contradictoriamente, para as edificacións que non teñan dito destino.

**Art. 32:** Respecto as **categorías de solo rústico** establecidas neste artigo, o CES non considera adecuada unha definición de “solo rústico de protección ordinaria” de carácter residual, como un solo inadecuado para o seu desenvolvemento urbanístico, nin as categorías de “solo rústico especialmente protexido” que se conteñen na Lei.

O CES considera que este artigo debería ser obxecto dunha nova redacción, para evitar os seguintes puntos conflictivos:

**1.** Non cabe clasificalo solo pola súa titularidade en relación ós montes veciñais en man

común, que se clasifican como solo rústico de protección forestal. En relación a estes montes comunais, a Lei esquecese de que na actualidade en ditos solos lévanse a cabo actividades de diversa índole distintas ás propiamente forestais. Debe quedar aberta a posibilidade de reverter, en determinados supostos, masas forestais en agropecuarias.

**2.** O artigo 32.2.g) está concibido para quen contempla a “paisaxe rural” dende o punto de vista turístico. A definición de paisaxe protexida debe remitirse á lexislación de espazos naturais.

**3.** Non se especifica unha categoría de “Solo Rústico Especialmente Protexido” para as zonas con interese patrimonial artístico ou histórico.

**4.** Co apartado 2.i) deste artigo ábrese a posibilidade de que se engadan categorías de solo rústico especialmente protexido por vía regulamentaria.


O CES considera que, no Regulamento, non debería establecerse maiores restricións, acolléndose a este precepto.

**Art. 33, 34 e 36:** Respecto ós **usos e actividades en solo rústico**, o CES considera que debe delimitarse os usos contidos nas letras d) e e) do artigo 33.1. para evitar que o “solo rústico” se poda converter discrecionalmente en aparcamentos ou grandes depósitos, de maneira non desexable.

No artigo 33.1., dedicado ós usos permitidos no solo rústico deberían contemplarse as actividades productivas agrícolas, forestais, gandeiras ou cinexéticas.

Da lectura do artigo 33.2, cabe inferir que os invernadoiros son considerados “construcións”, séndolles de aplicación o disposto nos artigos 42 e 44, nos que se di que a superficie mínima da parcela será de 5.000 m<sup>2</sup> e a ocupación máxima pode ser do 20%. Esta circunstancia xa suscitou problemas concretos en concellos galegos, ó denegar os concellos a licenza por non cumprir co requisito da superficie mínima da parcela.

**Arts. 42, 43 e 44:** Constatando que o texto definitivo da Lei suavizou as **condicións de edi-**



**ficación en solo rústico** contempladas no proxecto de Lei, o CES considera que aínda continúan sendo excesivamente gravosas para os habitantes do medio rural. Sería desexable que no Regulamento se flexibilizasen as condicións que non se refiran a parámetros obxectivos (por exemplo, o volume máximo que se refire ás edificacións do entorno) ou definir de modo restrictivo o concepto de gandería intensiva.

O CES entende que, con base no artigo 44, a altura permitida en solo rústico de protección forestal é de 3,5 metros. Esta norma é de moi difícil cumprimento e, en moitos casos, verdadeiramente impracticable. Ademais pode entrar en colisión coa normativa en materia de sanidade vexetal, que recomenda unha altura de entre 4 e 5 metros.

Neste artigo defínense as distancias que haberán de cumprir as explotacións sen base territorial con los asentamentos de poboación, reducindo esta para o caso de “distancia de una vivenda”. O CES considera que deberían estar polo menos a 500 metros, coa excepción de si a vivenda máis próxima é propiedade do titular da explotación, onde cabería reducir moito máis a distancia.

**Art. 103:** O CES considera que o texto deste artigo debe complementarse cun desenvolvemento regulamentario, de forma tal que se permita ás **construcións que actualmente están fóra de ordenación** a posibilidade de expansión, para que podan competir no mercado en condicións de igualdade.

**Art. 187:** Respecto ós **dereitos de tanteo e retracto** no solo de núcleo rural, o CES considera que neste artigo obrígase a trámites de moi difícil cumprimento. Terá que ser a normativa contida nos Plans Xerais de Ordenación Municipal a que concrete os núcleos rurais nos que serán de aplicación estes dereitos.

*Art. 202:* Este artigo dispón que: “*Os proxectos de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma deberán incluí-las partidas orzamentarias oportunas destinadas a accións ou sub-*

*vencións de conservación, mellora ou recuperación de construcións, edificacións e elementos de carácter tradicional, así como á rehabilitación de asentamentos e espazos protexidos de especial interese, atendendo as finalidades desta lei; a súa xestión corresponderalle ó conselleiro competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo”.*

O CES considera que non queda o suficientemente precisado o xeito en que se vai a formalizar a concesión de subvencións para os fins que se mencionan neste precepto.

**Artigo 206:** O apartado 1 deste artigo dispón que: “*No solo rústico non se poderán realizar nin autorizar parcelacións, divisións ou segregacións, excepto aquelas que deriven da execución, conservación ou servizo de infraestructuras públicas, da realización de actividades extractivas ou enerxéticas, da execución do planeamento urbanístico ou teñan por obxecto unha racionalización da explotación agropecuaria ou forestal. En todo caso respectarase a superficie mínima e indivisible que determine a lexislación agraria”.*

O CES considera que debería establecerse regulamentariamente a parcela mínima que resulta divisible.

**Artigo 232:** O CES considera que debería establecerse que no **Xurado de Expropiación de Galicia** estarán representadas as organizacións profesionais agrarias galegas que teñan a consideración de máis representativas.

O CES considera necesario que, na elaboración do Regulamento, se dé participación ás organizacións agrarias e a outros organismos consultivos (CES,...). Desta maneira, na medida do posible, poderá ter presentes as consideracións e propostas relativas ás cuestións da Lei que suscitan maior problemática e que afectan ás explotacións gandeiras e agrarias e ó mundo rural galego en xeral.

Neste senso, o CES considera que, en **desenvolvemento** da Lei 9/2002, de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e

Protección do Medio Rural, hai unha serie de cuestións, que se relacionan de seguido, que deben ser clarexadas regulamentariamente, sexa concretando o significado dos preceptos contidos na lei na súa literalidade, sexa desenvolvéndoos nun sentido que –posibilitando obviamente a aplicación desta– responda á realidade social e respecte os intereses do sector agrario, e o mundo rural galego en xeral:

**1.** No **artigo 32.2.a)** da Lei, considéranse “**solo rústico de protección agropecuaria**”, entre outros, os terreos “que sexan obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor desta lei ou o fosen nos dez anos anteriores a esta data”, e con esta salvedade: “agás que deban ser merecedores doutra protección”. A aplicación práctica desta norma resulta, en moitos casos, dificilmente asumible e practicable, como ocorre en algúns núcleos rurais, que ven imposibilitada a súa aplicación.

O CES considera que, a solución da problemática na aplicación práctica de dito artigo, necesariamente debe ser obxecto do Regulamento que se elabore en desenvolvemento da Lei.

**2.** En relación co **artigo 202** da Lei, o CES considera necesario que se reflicta regulamentariamente que deberá haber unha Orde anual emanada da Xunta de Galicia que regule as **subvencións** e o financiamento do cumprimento das obrigas que a Lei lle impón aos particulares. Esta previsión normativa debe poñerse igualmente en relación co que se dispón no artigo 9.2 da Lei, que di expresamente que os propietarios de inmoables e edificacións en solo rústico e en solo de núcleo rural “estarán obrigados a realiza-las obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental”.

**3.** En desenvolvemento do **artigo 206** da Lei, relativo á **segregación** de fincas rústicas, o CES considera necesario que, no Regulamento, se inclúa un precepto co seguinte contido:

*“A efectos do disposto no artigo 206/1 da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, a parcela mínima divisible estará constituída polo dobre da unida-*


*de mínima de cultivo que resulte conforme á normativa de aplicación”.*

**4.** A **Disposición Transitoria 4ª** da Lei refírese ás **autorizacións e licencias** outorgadas en solo rústico e solo de núcleo rural. O apdo. 1º: refírese a licencias outorgadas sen ter comezado a edificación, e que non se atean á nova Lei. O apdo. 2º refírese a licencias outorgadas, pero coas obras xa iniciadas, e que non se atean á nova Lei. O apdo. 3º refírese a licencias outorgadas, pero coas obras xa rematadas, e que non se atean á nova Lei.

En relación con esta Disposición, o CES considera necesario mencionar os graves problemas que se están a dar na actualidade en relación coas axudas solicitadas ó abeiro do Decreto 613/2001, de 8 de xuño (vg. Plans de Mellora). É frecuente o caso de que axudas concedidas e pendentes de pago a favor do beneficiario, se vexan condicionadas na súa formalización pola necesidade de achega de licenza de actividade, con base nun proxecto perfectamente adaptado á normativa vixente no momento da solicitude e, téndose concedido a subvención, faise necesario a achega da preceptiva licenza, sen que poida o interesado beneficiarse da percepción da axuda por mor da entrada en vigor da Lei.

No **apartado 2º** desta Disposición Transitoria, considérase oportuno que se optase por un procedemento de subsanación e adaptación das obras iniciadas á nova Lei (especialmente nos supostos de mera desconformidade), e sen prexudicar ó interesado, xa que no momento de iniciarse as mesmas, cumprían cos parámetros urbanísticos viventes.

**5.** A **Disposición Transitoria 11ª** da Lei establece que as explotacións agropecuarias existentes á entrada en vigor da Lei, contra as que non se incoase ata ese momento expediente de reposición da legalidade, por non dispor das licencias urbanísticas ou de actividade, poderán mante-las actividades que viñan desenvolvendo na forma e maneira que o viñan facendo. Si como consecuencia da aplicación da Lei, a súa situación resultase ou deviñese fóra de ordenación, poderán



autorizarse nas mesmas obras de rehabilitación, conservación, mellora, reforma e mesmo ampliación ata un máximo do 10% da súa capacidade ou superficie; podendo incrementarse ese límite ata o 50% cando as explotacións non excedesen no momento de entrada en vigor da lei do tipo familiar e tradicional que determine a Consellería competente en materia de agricultura.

O CES considera necesario e urxente que por parte da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural se aprobe a norma que concrete qué se entende por “**explotación familiar e tradicional**”, dada a súa transcendencia conceptual. Esta definición vai incidir dun xeito importante nas posibilidades constructivas no medio rural, sexa para ampliación de explotacións existentes, sexa na posibilidade de construír en solo de núcleo rural, por exemplo. Os parámetros para establecer esta definición, entendemos que deben ser obxectivos e basearse na realidade fáctica das explotacións existentes en Galicia, tendo en conta as estatísticas existentes ao efecto, de xeito que non se lexisle imposibilitando a actividade e a viabilidade das explotacións.

Nesta Disposición fálase de que as explotacións poderán manter a súa actividade. Non é posible proceder contra as explotacións mencionadas por mais que antes da entrada en vigor da lei non dispuxesen das licencias urbanísticas ou de actividade. O CES considera que o problema suscítase, por exemplo, á hora de realizar determinados trámites diante das Administracións Públicas, cando por parte destas se esixe acreditación de dispor de licencia de actividade. Neste senso faise preciso que se clarexe de que maneira os interesados han de documentar que a súa actividade está legalizada ou regularizada conforme á Lei.

O CES considera necesario o establecemento dun mecanismo áxil, presidido polos principios de gratuidade para os interesados e respecto da seguridade xurídica, conducente á obtención da licencia de actividade polas persoas que se atopan nas situacións descritas nesta Disposición Transitoria. O procedemento, ademais, debería ser común e único para toda Galicia, sen que se

lles de ós concellos posibilidade de desenvolver un procedemento específico, o cal podería redundar en situacións de desigualdade de trato. A medida que transcorra o tempo, será cada vez máis difícil demostrar que con anterioridade á entrada en vigor da Lei existía unha determinada explotación agrícola e/ou gandeira. É por iso que, independentemente doutras normas que incidan nesta cuestión, o desenvolvemento regulamentaria da Lei entre a regular o tema, a través dos mecanismos oportunos.

Tendo en conta as dificultades permanentes que xorden para o desenvolvemento das actividades agrarias e gandeiras e a abundante normativa de distintos organismos públicos á que se ven sometidas, é preciso que se unifiquen os criterios normativos que resultan de aplicación para o establecemento e desenvolvemento de actividades nas explotacións agrogandeiras.

En consecuencia, o CES considera necesario crear un **instrumento de coordinación interdepartamental** das diferentes políticas que afectan ó medio rural, con competencias nese ámbito. ■

